

finido, a duración da bonificación a que se refire o parágrafo anterior será de dezoito meses.

A bonificación a que se refire o parágrafo anterior non será acumulable a outras bonificacións previstas por transformación de contratos.»

3. Engádeselle un novo punto 10 ó número «Tres. Incentivos» do artigo 47 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«10. Os contratos de traballo acollidos ó presente programa de fomento do emprego estable formalizaranse no modelo oficial que dispoña o Instituto Nacional de Emprego, excepto no suposto de contratos xa existentes, ós que se refiren os puntos 3 e 4 do número Un.»

4. Modifícase o punto 3 do número «Cinco. Exclusiones», do artigo 47 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«Non serán aplicables ás contribucións empresariais relativas a traballadores que presten os seus servizos nas administracións públicas ou nos organismos públicos regulados no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado:

a) As bonificacións dos contratos indefinidos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos.

b) As bonificacións dos contratos de traballo das mulleres traballadoras que sexan suspendidos por maternidade e por excedencia por coidado de fillo.»

Disposición derradeira terceira. *Aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único.*

Modifícase o primeiro parágrafo da regra primeira do punto primeiro da disposición transitoria cuarta da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, que queda redactado nos seguintes termos:

«Primeira. A entidade xestora poderalles aboa-lo valor actual do importe da prestación por desemprego de nivel contributivo ós beneficiarios de prestacións cando pretendan incorporarse, de forma estable, como socios traballadores ou de traballo en cooperativas ou en sociedades laborais, sempre que non mantivesen un vínculo contractual previo con estas sociedades superior ós doce meses, ou constituílas, ou cando estes beneficiarios se pretendan constituír como traballadores autónomos e se trate de persoas con minusvalidez igual ou superior ó 33 por cento.»

Disposición derradeira cuarta. *Fomento do emprego das mulleres con minusvalidez.*

Engádesse un parágrafo segundo na letra a) do punto dous.1 do artigo 44 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«No suposto específico de que se contraten mulleres minusválidas, as empresas terán dereito a unha bonificación do 90 por cento na cotización empresarial por contingencias comúns se a muller contratada ten unha idade igual ou superior a 45 anos e do 80 por cento en caso de que sexa menor da citada idade.»

Disposición derradeira quinta. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto lei.

Dado en Madrid, o 25 de abril de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

8591 *REAL DECRETO 463/2003, do 25 de abril, sobre recoñecemento do incremento da pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual para os traballadores por conta propia. («BOE» 100, do 26-4-2003.)*

O punto 4 do artigo 10 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, prevé a paulatina homoxeneización dos réximes especiais da Seguridade Social co réxime xeral. Na mesma dirección, a recomendación 6.^a do Pacto de Toledo prevé que, de forma progresiva, se vaia procedendo a unha simplificación e integración dos réximes especiais da Seguridade Social que permitan un maior achegamento da estrutura do sistema.

Dentro dos mesmos obxectivos, o Acordo para a mellora e desenvolvemento do sistema de previsión social, do 9 de abril de 2001, preveu a conveniencia de introducir determinadas modificacións no marco da acción protectora dos traballadores por conta propia, con obxecto de incluír nesta a prestación de incapacidade permanente total cualificada para a profesión habitual.

En tal sentido, a Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificou as normas legais que regulan os réximes especiais agrario e de traballadores do mar, para incluír, dentro do ámbito da acción protectora dispensada naqueles, a prestación sinalada, se ben diferindo por disposición regulamentaria a concreción da contía da prestación e dalgúns dos requisitos que, ademais do cumprimento dunha determinada idade e a non realización de actividade lucrativa, condicionan o acceso a tal prestación.

Neste sentido, este real decreto aborda o desenvolvemento regulamentario da Lei 53/2002, do 30 de decembro, concretando a contía da prestación e os requisitos que deben cumprilos interesados para accederen á prestación de incapacidade permanente total cualificada, seguindo, para tal efecto, as previsións contidas no acordo social de 2001.

A extensión da acción protectora, nos termos indicados, tamén ha de operar respecto dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, respecto dos cales se prevé unha regulación semellante á establecida para os traballadores por conta propia incluídos nos réximes especiais mencionados.

Na súa virtude, de conformidade coas facultades conferidas polos artigos 41 e 42 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e polo artigo 10.4 e a disposición derradeira sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de abril de 2003,

DISPÓÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento xeral do réxime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 3772/1972, do 23 de decembro.*

Un. Modifícase o artigo 58 do Regulamento xeral do réxime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 3772/1972, do 23 de decembro, nos seguintes termos:

«Artigo 58. *Incapacidade permanente derivada de enfermidade común ou accidente non laboral.*

1. As prestacións por incapacidade permanente, derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, concederanse ós traballadores por conta propia nas condicións establecidas para os traballadores por conta allea.

2. Os traballadores por conta propia ós que se lles recoñeza a prestación de incapacidade permanente total para a profesión habitual, terán dereito a un incremento do 20 por cento da base reguladora que se teña en conta para determina-la contía da pensión, cando se acrediten os seguintes requisitos:

a) Que o pensionista teña unha idade igual ou superior ós 55 anos. Nos casos nos que o recoñecemento inicial da pensión de incapacidade permanente se efectúe a unha idade inferior á sinalada, o incremento do 20 por cento aplicarase desde o día 1.º do mes seguinte a aquel en que o traballador cumpra os 55 anos de idade, sempre que na dita data se reúnan os requisitos establecidos nos parágrafos seguintes.

Nos supostos en que o dereito ó incremento do 20 por cento naza nun ano natural posterior a aquel en que se produciu o recoñecemento inicial da pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual, a esta, incrementada co mencionado 20 por cento, aplicaráselle as revalorizacións que, para as pensións da mesma natureza, tivesen lugar desde a expresada data.

b) Que o pensionista non exerza unha actividade retribuída por conta allea ou por conta propia que dea lugar á súa inclusión en calquera dos réximes da Seguridade Social. O incremento da pensión quedará en suspenso durante o período en que o traballador obteña un emprego ou efectúe unha actividade lucrativa por conta propia que sexa compatible coa pensión de incapacidade permanente total que viñese percibindo.

c) Que o pensionista non teña a titularidade dunha explotación agraria ou marítimo-pesqueira, ou dun establecemento mercantil ou industrial como propietario, arrendatario, usufructuario ou outro concepto análogo.»

Dous. Engádeselle unha alínea d) ó punto 3 do artigo 63 do Regulamento xeral do réxime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 3772/1972, do 23 de decembro, nos termos seguintes:

«d) Os traballadores por conta propia ós que se lles recoñeza unha pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual percibirana incrementada nun 20 por cento, nos supostos e cos requisitos sinalados no punto 2 do artigo 58.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral da Lei 116/1969, do 30 de decembro, pola que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 1867/1970, do 9 de xullo.*

Un. Engádesse un parágrafo terceiro no punto 4 do artigo 75 do Regulamento xeral da Lei 116/1969, do 30 de decembro, pola que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 1867/1970, do 9 de xullo, nos termos seguintes:

«Os traballadores por conta propia ós que se lles recoñeza a pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual, terán dereito a un incremento do 20 por cento da base reguladora que se teña en conta para determina-la contía da pensión, cando se acrediten os seguintes requisitos:

a) Que o pensionista teña unha idade igual ou superior ós 55 anos. Nos casos nos que o recoñecemento inicial da pensión de incapacidade permanente se efectúe a unha idade inferior á sinalada, o incremento do 20 por cento aplicarase desde o día 1.º do mes seguinte a aquel en que o traballador cumpra os 55 anos de idade, sempre que na dita data se reúnan os requisitos establecidos nos parágrafos seguintes.

Nos supostos en que o dereito ó incremento do 20 por cento naza nun ano natural posterior a aquel en que se produciu o recoñecemento inicial da pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual, a esta, incrementada co mencionado 20 por cento, aplicaráselle as revalorizacións que, para as pensións da mesma natureza, tivesen lugar desde a expresada data.

b) Que o pensionista non exerza unha actividade retribuída por conta allea ou por conta propia que dea lugar á súa inclusión en calquera dos réximes da Seguridade Social. O incremento da pensión quedará en suspenso durante o período en que o traballador obteña un emprego ou efectúe unha actividade lucrativa por conta propia que sexa compatible coa pensión de incapacidade permanente total que viñese percibindo.

c) Que o pensionista non teña a titularidade dunha explotación agraria ou marítimo-pesqueira, ou dun establecemento mercantil ou industrial como propietario, arrendatario, usufructuario ou outro concepto análogo.»

Dous. Engádesse unha alínea c) no artigo 99 do Regulamento xeral da Lei 116/1969, do 30 de decembro, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, nos termos seguintes:

«c) Os traballadores por conta propia ós que se lles recoñeza unha pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual percibirana incrementada na porcentaxe, nos supostos e cos requisitos establecidos no parágrafo terceiro do punto 4 do artigo 75.»

Artigo terceiro. *Modificación do artigo 38 do Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

Engádese un parágrafo terceiro no punto 1 do artigo 38 do Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, nos seguintes termos:

«A pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual incrementarase nun 20 por cento da base reguladora que se teña en conta para determina-la contía da pensión, cando se acrediten os seguintes requisitos:

a) Que o pensionista teña unha idade igual ou superior ós 55 anos. Nos casos nos que o recoñecemento inicial da pensión de incapacidade permanente se efectúe a unha idade inferior á sinalada, o incremento do 20 por cento aplicarase desde o día 1.º do mes seguinte a aquel en que o traballador cumpra os 55 anos de idade, sempre que na dita data se reúnan os requisitos establecidos nos parágrafos seguintes.

Nos supostos en que o dereito ó incremento do 20 por cento naza nun ano natural posterior a aquel en que se produciu o recoñecemento inicial da pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual, a esta, incrementada co mencionado 20 por cento, aplicaráselle as revalorizacións que, para as pensións da mesma natureza, tivesen lugar desde a expresada data.

b) Que o pensionista non exerza unha actividade retribuída por conta allea ou por conta propia que dea lugar á súa inclusión en calquera dos réximes da Seguridade Social. O incremento da pensión quedará en suspenso durante o período en que o traballador obteña un emprego ou efectúe unha actividade lucrativa por conta propia que sexa compatible coa pensión de incapacidade permanente total que viñese percibindo.

c) Que o pensionista non teña a titularidade dun establecemento mercantil ou industrial nin dunha explotación agraria ou marítimo-pesqueira como propietario, arrendatario, usufrutuário ou outro concepto análogo.»

Disposición adicional única. *Aplicación do incremento das pensións de incapacidade permanente total para a profesión habitual.*

O incremento da pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual, a que se refiren os artigos 58 e 63.3 do Regulamento xeral do réxime especial Agrario da Seguridade Social, 75.4 e 99.c) do Regulamento xeral do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, e 38.1 do Decreto 2530/70, do 20 de agosto, na redacción incorporada por este real decreto, unicamente será de aplicación ás situacións de incapacidade permanente que se declaren a partir do 1 de xaneiro de 2003.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para dicta-las disposicións xerais que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 25 de abril de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8592 *REAL DECRETO 429/2003, do 11 de abril, polo que se modifica o Real decreto 738/1997, do 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.* («BOE» 100, do 26-4-2003.)

A Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, creou, no seu artigo 11, a Comisión Nacional de Axuda e Asistencia ás Vítimas como órgano colexiado con competencia para resolve-los procedementos de impugnación das resolucións do Ministerio de Economía e Facenda na materia.

Conforme esta disposición, a Comisión Nacional será presidida por un maxistrado do Tribunal Supremo, nomeado por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, e estará integrada por representantes da Administración xeral do Estado e, se é o caso, das organizacións vinculadas á asistencia e defensa das vítimas; ademais, unha das súas vocalías corresponderá necesariamente a un representante do Ministerio Fiscal, nomeado por proposta do fiscal xeral do Estado. Non obstante, a lei habilita o Goberno para desenvolver, por proposta dos ministros de Xustiza e Interior e de Economía e Facenda, a composición e o réxime de funcionamento da Comisión Nacional.

O Real decreto 738/1997, do 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de axudas ás vítimas, desenvolve no seu artigo 74 a composición da Comisión Nacional, que quedará finalmente integrada por once vocais que se distribuirán do seguinte xeito: sete representantes con rango de subdirector xeral dos departamentos ministeriais da Administración xeral do Estado con competencias na materia (dous do Ministerio de Xustiza, dous do Ministerio de Economía e Facenda, dous do Ministerio do Interior e un do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais), tres representantes de organizacións vinculadas á asistencia e defensa das vítimas, e un último vocal en representación do Ministerio Fiscal, conforme o esixido legalmente.

A experiencia acumulada polo funcionamento desta comisión durante os últimos anos revela a conveniencia de modifica-la súa composición con dous obxectivos fundamentais. En primeiro lugar, resulta necesario rebaixa-lo rango esixido ós maxistrados e fiscais que participan neste órgano colexiado, por considerarse excesivo o requisito de te-la categoría de maxistrado ou fiscal do